

AER defende a cultura musical e o conservatorio

O pleno aprobou por unanimidade unha proposta de AER para crear un grupo de traballo, no que se inclúan representantes dos grupos da corporación e de organizacións que traballen no eido da ensinanza musical no Concello, para que elabore un plan estruturado que aborde as necesidades e organización desta ensinanza por todo o concello.

Con respecto ás ensinanzas musicais e ao Conservatorio, AER manifesta:

- Existe unha preocupación de parte da veciñanza polo futuro do conservatorio.
- **O grao elemental non é necesario para cursar o grao profesional.**
- **A flexibilidade dunha Escola de Música permite atender mellor as inquiredanzas xerais, sen desatender a aquel alumnado que pretenda continuar co grao profesional.**
- A mellora da xestión pode propiciar que "co mesmo orzamento" se chegue a moito máis alumnado, parroquias incluídas; e **mantendo o grao profesional.**
- Existe unha "anómala" desproporción nas especialidades no Conservatorio de Redondela a prol do saxo.
- O feito de favorecer as ensinanzas musicais ao alumnado con dificultades económicas **non debe ser escusa para concederlle as mesmas axudas a familias que non o necesitan.**
- O esforzo económico deste Concello de Redondela debe ser compartido por aqueles concellos que teñan alumnado matriculado neste Conservatorio.
- **É responsabilidade do Concello o control e seguimento dunha institución financiada cos orzamentos municipais.**
- O concelleiro de Cultura ve dificultades na reestruturación do Conservatorio pola oposición do Consello Escolar no que está infra-representado (por ser dono e único inversor. Igual que un centro privado).
- O "problema" económico non é cuestión de "canto", senón de "como" se gasta con máis eficacia.
- **AER leva tres anos tentando facer un estudo obxectivo sobre os gastos e a organización do Conservatorio, mentres a dirección de dito Conservatorio só aportou a lexislación e ningún dato sobre alumnado, ratios, grupos, horarios, etc.**

AER propuxo eliminar o grao elemental e potenciar as escolas de música

PP, PSOE e BNG votaron en contra

O déficit que corresponde ao grao elemental non podemos sabelo porque **non se nos dá a información**, porque parece que dende o Conservatorio de Música non se decatan de que son unha institución dependente do Concello de Redondela, a quen lle deben todas as explicacións que se lle pidan, e non un ente autónomo.

Sabemos que o déficit do conservatorio, despois de sumar ingresos e gastos, é de 250.000 € ao ano. O Concello de Redondela decide conceder como mínimo, de promedio, unha bolsa de 800€ a cada alumno/a do Conservatorio, independentemente de se está ou non empadronado en Redondela ou da súa situación económica e social. Non nos parece razoable un déficit de case 250.000€, **un millón de euros cada catro anos**, nun conservatorio municipal cunhas das taxas máis altas de matriculación. Que medidas se propoñen? Que propostas hai?

Soubemos dunha proposta económica que se lle fixo ao concelleiro de Cultura: cun déficit de 25.560 €, perfectamente asumible polo Concello, 13 profesores poderían facerse cargo de 234 alun@s.

Hai que distinguir entre recortes en educación e racionalización da oferta educativa. Non se pretende aforrar en ensino. **En AER non queremos reducir o orzamento en educación, senón todo o contrario, deberíamos ampliar a inversión e sobre todo na etapa infantil**, posto que as desigualdades canto antes se atendan, máis eficaz é a actuación. Non só non debería reducirse, senón potenciar esa inversión dun xeito exponencial e inversamente proporcional ao nivel socioeconómico da poboación do entorno. Non só de xeito regulado, senón tamén complementario.

Eliminar o grao elemental non vai mellorar o nivel económico do pobo, pero **iso non quita que sexa responsable asumir con coherencia como se gasta e en que se gasta.**

Non compartimos que a ensinanza das Escolas de Música sexa de baixa calidade. É cuestión de xestión e organización, adaptar o programa e estruturalo para que estas ensinanzas poidan chegar a maior número de poboación,

elixindo a ensinanza idónea á demandada polo alumno, sen que isto represente unha baixa calidade do ensino impartido. Unha boa preparación do grao elemental é unha garantía de éxito para o acceso a estudos superiores, sen necesidade que estea impartido dende un conservatorio. Dende a Escola de Música de Chapela, por exemplo, os mestres fan a valoración, aconsellando aos alumnos que o desexen, o momento idóneo para presentarse ás probas de acceso, sopesando o avance de cada alumno de forma personalizada, xa que o avance de cada alumno depende de moitos factores, non sendo en algúns casos necesarios os 4 anos de grao elemental esixido polos conservatorios. **22 anos de experiencia e un resultado do 100% de probas de acceso aprobadas polos alumnos presentados desta Escola, avalan a nosa teoría e por suposto, o traballo deses mestres.** Nunha Escola de Música, o profesorado non ten por que ser de menor categoría que no grao elemental dun Conservatorio.

Pensamos que se deben potenciar escolas de música onde se imparta un ensino musical de calidade, porque **o acceso á música non ten que estar enfocado nada máis que dende a carreira profesional, senón como un dereito cultural de calquera cidadán.** O alumnado que entenda que pode e queira dedicarse profesionalmente á música, pode ser orientado e preparado polo profesorado das escolas de música para o grao profesional ou superior.

Se o Concello aposta por unha escola de música de calidade, non só é máis accesible en idade a máis nenos, senón que ademais pode achegarse máis ás parroquias (aspecto diferencial de Redondela) e pode dar formación equivalente ao grao elemental aos nenos que decidan seguir con estudos profesionais.

AER non propón que se elimine o Conservatorio. Máis ben que se potencie a súa función cultural estendendo as súas posibilidades e mellorando a súa rendibilidade económica e social.